



concello  
a estrada

[Portada](#) [Novas](#) [Organización](#) [Textos](#) [Descargas](#) [Multimedia](#) [Ligazóns](#) [Súmate a nós](#) [Rss](#)

## O PP da Estrada non quere homenaxear a Rosalía de Castro no 175 aniversario do seu nacemento



**A Estrada, 24 de febreiro de 2012:** Onte debateuse en comisión a **moción que presentara o BNG** hai uns días para declarar o día de hoxe, 24 de febreiro, Día de Rosalía de Castro, no 175 aniversario do seu nacemento.

A iniciativa do BNG consistía basicamente en que o Concello organizara unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o

papel protagonista, ademais de realizar actividades de promoción entre os nosos veciños da obra da escritora galega máis destacada de todos os tempos.

Sen embargo, segundo palabras do concelleiro do BNG, “o que semellaba unha moción asumíbel polo PP, dada a importancia e o consenso que hai arredor da obra e da figura de Rosalía de Castro, o partido que sostén o goberno municipal votou en contra desta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que trataba de por en valor, nunha data tan significativa, como o 175 aniversario do seu nacemento, a obra da nosa escritora máis importante”.

Para o concelleiro nacionalista “é absolutamente inexplicable que o PP se negue a homenaxear a Rosalía de Castro, a non ser que a estratexia do Partido Popular sexa enterrar e esquecer a nosa cultura baixo un manto de silencio”. “Pero non o van a conseguir”, engadiu Magariños, “xa que se o goberno municipal non quere homenaxear a Rosalía de Castro farano os veciños e veciñas da Estrada, e terán oportunidade de facelo hoxe mesmo no acto de lectura pública da obra rosaliana organizado pola **asociación cultural Vagalumes**, ás 19 horas, na Sala de Exposicións de Caixa Nova”.

Xosé Magariños rematou as declaracións aos medios de comunicación locais pedíndolle ao PP que “no sucesivo aparque o seu sectarismo ideolóxico contra a cultura galega en xeral e a de Rosalía en particular, porque a obra de Rosalía de Castro é o noso clásico por excelencia, poeta fundacional da literatura galega contemporánea, e iso o pobo galego e o pobo estradense sábeno e non tolerarán este tipo de actitudes de ninguneo da nosa cultura, que é de todos e todas”.